

## **MULLERES ASASINADAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO EN 2022**

### **6 de novembro**

Una muller de 29 anos foi asasinada pola súa parella e tamén a filla de ambos de 6 anos en Móstoles, Madrid.

### **4 de novembro**

Una muller de 69 anos foi asasinada pola súa parella en Benalmádena, Málaga.

### **1 de novembro**

Imane Saadoui, Una muller de 30 anos foi asasinada polo seu marido, de 41, na noite do luns en Valencia de Alcántara (Cáceres). O home comunicou o homicidio ao posto da Garda Civil da localidade a través dunha chamada telefónica.

### **28 de outubro**

Un garda civil de Valladolid matou a súa exparella, Teresa R.L, una enfermeira de 23 anos residente en Bruxelas, localidade á que se desprazou o autor deste crime.

### **23 de outubro**

Adoración G. G., unha muller de 27 anos, foi asasinada pola súa parella no domicilio de ambos na localidade alacantina de Alcoy. O agresor, un home de 29 anos, tentouse suicidar lanzándose desde o quinto piso do edificio.

### **8 de outubro**

Manuela Romeu Mata de 51 anos foi asasinada pola súa parella en Lorca, Murcia.

### **26 de setembro**

Raquel, de 32 anos, foi asasinada pola súa parella, un home de 36 anos, en Palencia. O home, tras estrangulala , suicidouse botándose ás vías do tren.

### **26 de setembro**

Débora, de 39 anos, foi asasinada pola súa parella e enterrada baixo formigón nunha nave nun polígono de Málaga. O home, de 40 anos, foi detido e confesou tras cinco horas de interrogatorio onde se atopaba o cadáver da muller, á que estrangulara.

### **25 de setembro**

Una muller de 68 anos foi asasinada en Benidorm (Alacante) pola súa parella. Os axentes da Policía Nacional atoparon o seu cadáver cando foron á súa vivenda a notificarlle a morte da súa parella, de 73 anos, que morreu despois de cometer o crime tras estrellar o seu coche contra un camión guindastre.

### **22 de setembro**

Anna, de 21 anos, foi asasinada pola súa parella en Xirona. A moza presentaba máis de 60 feridas, marcas de presión no pescozo e signos dunha agresión sexual. O autor do crime ingresou en prisión provisional acusado de asasinato.

### **13 de setembro**

María del Carmen, de 71 anos, foi asasinada en Zaragoza pola súa exparella, a quen denunciara por malos tratos e que tiña una orde de afastamento. O seu exmarido saltou o valo da súa casa e agrediuna mentres durmía. Morreu tres días máis tarde no hospital.

### **20 de agosto**

Unha muller de 20 anos foi asasinada pola súa parella en Torrexón de Ardoz (Madrid). O crime tardou dous meses en recoñecerse como violencia machista, posto que o cadáver foi atopado nunha nave industrial que sufriu un incendio.

### **15 de agosto**

Eva María, de 54 anos, foi asasinada pola súa parella en Valladolid. O home, que foi detido tras negarse a declarar, matou tamén á nai da vítima e a outro home.

### **12 de agosto**

Unha muller de 44 anos foi atopada estrangulada en Sevilla. A muller foi ademais apuñalada cunha arma de grandes dimensións. O asasino, que era a súa parella, suicidouse despois de cometer o crime.

### **29 de maio**

María Luisa, de 48 anos e veciña de Tomelloso (Cidade Real), estaba a traballar nun restaurante da localidade cando a súa parella matouna e deuse á fuga. O agresor foi achado aforcado nas inmediacións dun pantano de Argamasilla de Alba. A vítima tiña un fillo maior de idade e una filla menor de idade. Non existían denuncias previas por violencia de xénero contra o agresor.

### **29 de maio**

Eva María, de 50 anos, foi asasinada polo seu marido no municipio malagueño de Vélez-Málaga. O home, de 52 anos, tentou fuxir tras apuñalala, pero foi detido pola Policía. Foi a propia vítima, quen entrara no sistema Viogén no ano 2008 cunha denuncia por violencia de xénero contra a súa parella, quen chamou aos servizos de emerxencia.

### **27 de maio**

Maite, de 50 anos, foi asasinada polo seu marido, que a golpeou e estrangulouna en Tíjola, Almería. O marido, tras cometer o crime, confesou e entregouse á Policía.

### **22 de maio**

Florina, de 26 anos, foi asasinada no municipio cordobés de Montemayor pola súa parella. O agresor deuse á fuga e houbo que organizar un dispositivo policial para a súa detención. Ambos residían na localidade de forma temporal durante a campaña agrícola.

### **10 de maio**

Clotilde Rodríguez, de 82 anos e procedente de Vigo, foi asasinada polo seu marido nunha vivenda de Tenerife onde se atopaban de vacacións. A Policía Nacional atopou o cadáver da muller con feridas de arma branca tras unha chamada de alerta dun veciño,.

### **2 de maio**

Ouardia, de 43 anos e con tres menores de idade ao seu cargo, foi asasinada pola súa parella e pai dos seus fillos en Tarancón (Cuenca). A muller foi atacada cunha arma branca. O seu asasino entregouse na comisaría ás poucas horas confesando o crime.

### **25 de abril**

Virginia T.G., de 51 anos, foi asasinada pola súa parella en Sevilla tras tentar romper a relación que mantiñan. A policía atopou o seu corpo dous meses despois da súa desaparición no río Guadalquivir, despois de que o asasino confesase o crime.

### **19 de abril**

Natalia, de 53 anos, foi asasinada polo seu marido na súa casa de Lloret de Mar (Xirona) xunto á súa filla de 18 anos. O asasino non contaba con denuncias previas por violencia de xénero.

### **15 de abril**

África, de 44 anos, é a vítima número 11 da violencia de xénero no que vai de 2022. A súa parella atacouna diante dunha das súas dúas fillas. Foi trasladada con vida ao hospital, onde faleceu por mor das feridas.

### **4 de abril**

Teodora, de 42 anos, foi atropelada mortalmente polo seu marido en Toledo. Nun inicio tratouse o caso como un accidente, pero un día despois a parella foi detida e acusada do crime. Os dous tiñan tres fillos, un deles menor de idade.

### **4 de abril**

Cristina, de 47 anos, foi asasinada en Cuenca pola súa exparella, quen tamén agrediu ao seu actual compañeiro. O asasino tiña vixente una orde de afastamento. Tiña en común coa vítima dous fillos menores de idade. Foi detido pouco despois de cometer o crime.

### **21 de marzo**

Ivet C., de 25 anos, foi asasinada en Barcelona pola súa exparella, Diego Armando M., de 33 anos, contra quen presentara polo menos unha denuncia aos Mossos d'Esquadra. O agresor presentouse nunha comisaría para confesar o crime. Os dous tiñan un fillo de sete anos.

### **14 de marzo**

María Ángeles, de 47 anos, foi asasinada en Ceuta polo seu marido, axente da policía local, que lle disparou coa súa arma regulamentaria. Cando os axentes chegaron ao domicilio, o agresor estaba sentado no sofá e a vítima ferida no chan. Ademais, atopábase no fogar outro membro da familia.

A vítima tiña un fillo e una filla menores de idade e non existían denuncias previas por violencia de xénero.

### **3 de marzo**

Unha muller de 45 anos foi asasinada pola súa parella dun disparo en Maqueda (Toledo). Posteriormente, o agresor suicidouse e a Garda Civil atopou os dous corpos. Non había ningunha denuncia previa por malos tratos rexistrada no sistema de violencia de xénero.

## **2 de marzo**

Unha muller de 32 anos foi asasinada en Pozuelo de Alarcón (Madrid), polo seu marido, que se quitou a vida tras cometer o crime. Os sanitarios do Summa-112 atoparon sen vida a parella, tirada no chan, e non puideron reanimalos. A muller, que tiña catro fillos de entre catro e 11 anos, puxera una denuncia por malos tratos e tiña o xuízo para o divorcio ao día seguinte de ser asasinada.

## **19 de febreiro**

Mercedes, de 51 anos, foi asasinada pola súa parella, de 52 anos, en Martorell (Barcelona). Os axentes de policía atoparon o cadáver da muller no chan e detiveron o home, que ía con feridas e ensanguentado. Non había denuncias previas de malos tratos.

## **8 de febreiro**

Claudia Abigail, de 17 anos, foi asasinada en Totana (Murcia) por Johan Styven P. de 19 anos, que a matou a coiteladas porque ela quería romper a relación que mantiñan. O agresor confesou o crime a súa nai, que avisou á Garda Civil dos feitos. Neste caso tampouco había denuncias previas por violencia de xénero.

## **25 de xaneiro**

Mónica, de 50 anos, foi asasinada polo seu marido Antonio, de 48, na localidade granadina de Fontes de Cesna. O seu corpo atopouno unha traballadora na panadaría que rexentaba e máis tarde atopou o do marido no piso superior cun disparo de escopeta. A parella tiña dous fillos de 20 e 27 anos e non había denuncias previas por malos tratos.

## **8 de xaneiro**

Sara Pina, de 38 anos, foi asasinada pola súa parella, José María O.A., de 41 anos en Tudela (Navarra). Tras asestarlle varias coiteladas, o autor do crime fuxiu e foi detido días despois en Francia, nunha área de servizo.